# Normativa Bacharelato LOE

Achegado por Administrator
lunes, 30 de junio do 2008
Última actualización lunes, 30 de junio do 2008

Finalmente non se cumpriron ás nosas reivindicacións. O alumnado só poderá escoller música optativa en 1º.

A novidade é que se poderá escoller algunha das materias propias do Bacharelato das Artes desde calquera modalidade e en certos casos. Isto afecta ó profesorado de música nas materias de Análise Musical I  e  Linguaxe Musical en 1º, e Historia da Música e da Danza e Análise Musical II en 2º. Por outra banda redúcese o número mínimo de alumnos para impartir unha materia propia (5) ou unha optativa (10).

Na sección de Lexislación/Bacharelato  podes atopar as últimas normativas sobre o Bacharelato que acaba de publicar a Consellería de Educación:

- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta.

- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Se queres enviar algún comentario para publicar podes facelo a través da pestaña contactar ou directamento ó correo web do administrador do espacio de Asomúsica: asomusicaw arroba gmail.com

Un saúdo e feliz verán a tod@s.